



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Aprobación definitiva Ordenanza reguladora do servizo municipal de estimulación terapéutica e prevención do deterioro cognitivo do Concello de Santa Comba

Aprobación definitiva Ordenanza reguladora do servizo municipal de estimulación terapéutica e prevención do deterioro cognitivo do Concello de Santa Comba.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2026, acordou a aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo municipal de estimulación terapéutica e prevención do deterioro cognitivo do Concello de Santa Comba.

Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo inicial, e ao non haberse presentado reclamacións algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial deste Concello sobre o establecemento da Ordenanza reguladora do servizo municipal de estimulación terapéutica e prevención do deterioro cognitivo do Concello de Santa Comba, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TEXTO

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA E PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO DO CONCELLO DE SANTA COMBA

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular a organización, prestación e funcionamento do Servizo Municipal de Estimulación Terapéutica e Prevención do Deterioro Cognitivo para persoas maiores, orientado a favorecer a autonomía persoal, promover o envellecemento activo e contribuír á mellora da calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Artigo 2. Natureza, definición e persoas destinatarias

1. O servizo constitúe unha prestación municipal de carácter preventivo e socio-comunitario, baseada na aplicación de terapias non farmacolóxicas e actividades de estimulación cognitiva e funcional.

2. Poderán acceder ao servizo as persoas maiores de idade empadroadas no Concello de Santa Comba. Terán preferencia aquelas que:

- Presenten deterioro cognitivo leve ou moderado, debidamente acreditado mediante informe médico e/ou neurolóxico.
- Acrediten perda de autonomía persoal.
- Teñan recoñecida situación de dependencia (grao I, II ou III).
- Conten con recomendación técnica dos Servizos Sociais ou do persoal técnico de referencia.

Non poderán acceder aquelas persoas que dispoñan dun Servizo de Axuda no Fogar activo para a mesma finalidade, salvo causa excepcional debidamente xustificada.

3. Son obxectivos do servizo:

- Manter e/ou mellorar habilidades cognitivas, funcionais, sociais e emocionais.
- Previr ou retardar o avance do deterioro cognitivo e/ou físico.
- Favorecer a participación comunitaria e a interacción social.
- Facilitar o respiro e apoio ás persoas coidadoras.

Artigo 3. Contido do servizo

O servizo desenvolverase mediante sesións grupais impartidas por persoal cualificado. As actividades incluirán:

- Estimulación cognitiva.
- Psicomotricidade.

- Talleres funcionais orientados ás actividades da vida diaria.
- Terapia de orientación á realidade e reminiscencia.
- Actividades de socialización e participación.
- Poderán incorporarse actividades complementarias de ocio e participación social.

Tratarase de formar grupos o máis homoxéneos posible, de maneira que as persoas participantes compartan capacidades, necesidades e intereses comúns, garantindo así que as actividades propostas resulten significativas e axeitadas ao seu nivel de funcionalidade.

O número máximo de persoas por grupo será establecido en función do nivel de funcionalidade e demais criterios técnicos, cun máximo xeral de ata 30 persoas por sesión.

Artigo 4. Lugar, periodicidade e duración

O servizo prestarase no baixo da vivenda comunitaria, se ben o concello resérvase o dereito de poder modificar o lugar ou lugares de prestación do servizo motivando o referido cambio.

O desenvolvemento anual do servizo poderá comprender entre 8 e 11 meses, establecéndose pausas ou períodos de vacacións segundo acordo municipal.

Poderán realizarse entre 2 e 5 sesións semanais, en horario e calendario fixados por decreto da Alcaldía ou resolución da Concellería correspondente.

A asistencia poderá organizarse en tres modalidades:

- a) Cinco días á semana (de luns a venres).
- b) Tres días á semana (luns, mércores e venres).
- c) Dous días á semana (martes e xoves).

Artigo 5. Solicitude

As persoas interesadas poderán presentar solicitude en calquera momento no Rexistro Xeral do Concello, mediante modelo normalizado (Anexo I) e documentación acreditativa. As solicitudes serán estudadas segundo os criterios de acceso previstos nesta ordenanza.

Artigo 6. Admisión e lista de agarda

Se o número de solicitudes supera o de prazas dispoñibles, priorizaranse:

- 1º Persoas con deterioro cognitivo ou perda de autonomía debidamente acreditada.
- 2º Persoas con deterioro cognitivo asociado a enfermidade neurolóxica non vinculada á idade.
- 3º Persoas de maior idade.

As persoas solicitantes que non obteñan praza e non admitidas quedarán na lista de agarda e serán chamadas por orde de prioridade cando existan prazas dispoñibles.

Artigo 7. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias teñen dereito a:

- Un trato digno e respectuoso.
- Atención adaptada ás súas necesidades.
- Recibir información clara e a manter a confidencialidade.
- Presentar queixas e suxestións se procede.
- Comunicar as faltas de asistencia ou períodos de ausencia coa debida antelación.
- Comunicarlle ao persoal de referencia calquera cambio significativo de circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial do servizo.
- Desenvolver o servizo co respecto pleno aos dereitos lingüísticos.

Artigo 8. Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias teñen o deber de:

- Residir efectivamente en Santa Comba.
- Cumprir as normas de funcionamento do servizo.

- Participar activamente nas sesións.
- Nos casos nos que a persoa usuaria presente deterioro cognitivo relevante ou dificultades de orientación será necesario que a familia comunique previamente as persoas autorizadas á súa recollida.
- Respetar ao persoal e ás demais persoas usuarias.
- Facilitar información veraz.
- Aboar as tarifas correspondentes.

Artigo 9. Extinción do servizo

1. A condición de persoa usuaria do servizo perderase, mediante resolución do órgano competente para acordar a alta, por algunha das seguintes circunstancias:

- a. Por petición propia, ou por parte do coidador/a, titor/a ou representante legal.
- b. Por agravamento da situación de saúde da persoa usuaria que imposibilite a participación activa nas actividades ou por presenza de alteracións conductuais graves que alteren o desenvolvemento do servizo.
- c. Por ocultación ou falsidade nos datos e/ou documentos achegados que se teñan en conta para o acceso ó servizo.
- d. Por incumprimento grave das normas de funcionamento ou das obrigas establecidas.
- e. Por faltas de asistencia reiteradas ao servizo sen xustificación nin conformidade da entidade prestadora.
- f. Por cambio ou traslado de residencia que imposibilite a continuidade no servizo.
- g. Por falta de pagamento das tarifas correspondentes segundo o disposto na Ordenanza fiscal que estea vixente.
- h. Por falecemento da persoa usuaria. Neste caso a baixa tramitarase de maneira automática.

Artigo 10. Réxime económico

O servizo estará suxeito a Ordenanza fiscal que estea vixente.

Santa Comba, 25 de maio de 2026.

O alcalde

Alberto Romar Landeira.

2026/3418